



## RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR 2021

### SORTEO DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, (DOG do 29 de setembro), proximamente realizarase neste Centro a **renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos

**Os catro últimos serán designados por sorteo** segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro **o próximo día 29 de outubro, venres, ás 11:05 horas, na Dirección do Centro.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Ourense, 28 de outubro de 2021.

O DIRECTOR



Asdo.: Fco. Antonio Rodríguez Rodríguez